Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O home, os animais e a duración da vida

O home ten catro idades: de neno, rei; de mozo, capitán; de casado, burro e de vello, can.

Este refrán e outros semellantes, con moi poucas variantes, constitúen unha versión concentrada dun antigo conto de difusión universal que trata do reparto dos anos de vida entre o home e algúns animais.
Nunha *polafía* organizada pola sección de Literatura de Tradición Oral da AELG en Moaña no outono de 2010, Pepe, □O Caramuxo□, sorprendeunos con unha fermosísima versión dun conto que titulamos □O home, o burro, o can e o mono□ e que a seguir transcribimos:

Cando Dios fixo o mundo, entonces creou aos animales. Creo o burro e díxolle:
□*Vas ser burro, vas traballar de sol a sol cos homes hasta que te arrebenten, e vas a vivir cincuenta anos.*
E díxolle o burro:
□*Señor! Cincuenta anos son moitos! Con vinte xa me chega!*
□*Bueno, pois concedido; vinte.*

Entón creou o can e díxolle:

Vaste chamar can, vas comer as sobras dos animales e da casa, vas ter conta da casa e vas vivir trinta anos.

E díxolle:

Señor, trinta anos para estar de can, e comer as sobras todos os días! Dáme quince!

Bueno, concedido. Quince.

E despois creou o mono e díxolle:

Vas ser mono, vas andar de rama en rama, a facer rir aos homes. Vas andar a facer pallasadas por aí. Vaste chamar mono e vas a vivir trinta anos.

E para facer o parvo non me chegan quince anos tamén?

Pois quince anos.

Entón despois creou o home, e díxolle:

Vas ser o home, o único animal racional sobre a Terra. Vas mandar en todos os animales, e vas a vivir vinte anos.

Señor, vinte anos para ser o único animal racional sobre a Terra é moi pouco tempo! É mellor que me deas máis; por ejemplo, os trinta que non quixo o burro, os quince que non quixo o can e os quince que non quixo o mono.

Pois concedido.

Por eso o home vive vinte anos como home, vivindo, disfrutando, de festa en festa..., despois pasa a vivir trinta anos coma un burro, a traballar coma un burro. despois ao pasar dos trinta anos, os fillos vánselle da casa e queda de can, a ter conta da casa e alí de can, ao que lle dean. E despois pasa ao final da súa vida, o choio do mono, a saltar de casa en casa **(Véxase gravación)**

No Catálogo tipológico del cuento folklórico español: cuentos de animales (1997), de J. Camarena e M. Chevalier non consta ningunha versión oral galega para o tipo 173. No Catálogo tipológico del cuento folklórico español: cuentos religiosos (2003), de J. Camarena e M. Chevalier tampouco se referencia ningunha versión oral galega para o tipo 828. No Catálogo tipolóxico do conto galego de tradicón oral (2010) de Camiño Noia Campos non figura mención a este tipo de contos.

Estamos, xa que logo, diante dunha singularidade descuberta polo proxecto **POLAFÍAS** da AELG.

Os irmáns Grimm publicaron un conto coma este na cuarta edición do seu Kinder-und Hausmärchen en 1840; versión , por certo, que se parece moito á nosa de Moaña.

Nunha publicación de contos rumanos da autoría de M. Gaster Rumanian Bird and Beast Stories de 1915 aparece o mesmo conto, protagonizado polos mesmos animais.

CLASIFICACIÓN(1)

Na clasificación universal de tipos de contos soe catalogarse como ATU-173 e tamén como ATU-828.


ATU-173: *Men, Animals, and the Span of Life* (O home, os animais e a duración da vida)

AT-828: *Men, Animals, and the Span of Life* (O home, os animais e a duración da vida)

_____

(1)Sistema ATU; Estas siglas correspóndense coas letras iniciais dos apelidos dos creadores dunha clasificación universal sobre os índices e motivos dos contos populares tradicionais. Foi iniciada polo finés Antti Aarne en 1910, continuada polo estadounidense Stith Thompson en 1928 e 1961, e completada polo alemán Hans-Jörg Uther en 2004.

_____



Conto: O home, o burro, o can e o mono, por Pepe "O caramuxo" (Moaña)

COMENTARIOS ENVIADOS

Estupendo artigo no que se recolle un conto-tipo descoñecido ata agora e que paso a inserir no Catálogo de conto galego.

Enviado por Camiño Noia o 15/06/2014 ás 18:09:36